

OP

\*II FESTIVAL  
DE ÓRGANO\*

ÉS

\*VIGO  
23-26 NOV  
\*



Alize Mendizabal  
Juan de la Rubia  
Daniel Oyarzabal  
Ignacio Prieto  
Paula Dios  
Álvaro Fernández  
Hugo Pérez  
Martín Rodríguez  
Andrea Torrado

**a clásica**

# a clásica

# 8P \*II FESTIVAL ÉS \*VIGO 23-26 NOV \*



Welgood

8pés  
II Edición do Festival de Órgano de Vigo  
Do 23 ao 26 de novembro de 2022  
Concatedral de Santa María de Vigo

Director: Manuel Martínez Torres  
Asesor artístico: Daniel Sanmartín Nieto  
Deseño e maquetación: Carmen Itamad Cremades Romero

Agradecementos:  
Queremos agradecer o traballo e disposición dos sacerdotes Daniel Goberna e José Vidal, que nos abriron as portas e fixeron posible este festival.  
Ao conservatorio de Ourense e ao seu profesor Ignacio Prieto, por involucrarse neste festival.

Depósito Legal: VG 543-2022

Na cidade de Vigo só temos un órgano.

O 8pés naceu en 2021 para reflexionar sobre a utilidade do patrimonio coa fin de concienciar sobre a importancia da conservación e da necesidade da súa posta en valor. Quixemos empregar a música como punto de anclaxe para espertar esa capacidade única que ten a memoria de enfrentarnos a nós mesmos a través dese espello que é o pasado e camiñar. En definitiva, un pretexto para que exercitemos a memoria e medrar con ela.

Este festival toma como centro ao órgano Alberdi da Concatedral de Vigo, construído en 1909 e restaurado recentemente tras anos nun estado deplorable no plano mecánico, estilístico e de conservación. Un instrumento que nos pertence e que corre o risco constante de desaparecer ou, o que é case peor, de que o esquezamos. Por estes motivos, hoxe temos que agradecer o traballo que realizan os seus responsables, os cales facilitan e simplifican este traballo, pois a conservación é unha tarefa conxunta de diálogo que ten que ir sempre aparelada dunha importante tarefa de divulgación, posta en valor e recoñecemento entre a cidadanía. O obxectivo último non é outro que a conservación dun patrimonio único do que aprender e gozar e que, sen dúbida, coa súa presenza hoxe somos máis ricos.

O festival de órgano de Vigo volve no 2022 cunha poderosa programación que concentrará na nosa cidade a grupo de artistas excepcionais de proxección internacional que farán soar o noso modesto instrumento, levándoo nesta semana de Santa Lcía a explorar os seus límites artísticos. Unha presenza que debería enchernos de orgullo como vigueses e viguesas. Este instrumento, no plano simbólico, é unha parte importante do noso legado, que hoxe nos permite ser anfitrións dos mellores.

Esta edición do festival busca mostrar a verdadeira dimensión dun instrumento tan singular, complexo e diverso como é un órgano romántico a través dunha programación que sexa testigo desta diversidade e riqueza a modo de paraugas estilístico. Nesta semana da música, o órgano Alberdi de Vigo ofrecerá catro propostas que abordarán a música solista, a música para o cinema ou a relación do instrumento coa orquestra sinfónica. Esta programación concentrará de forma consciente ao alumnado da aula de órgano Ourense cos principais organistas de España.

Por outra banda, e sen desatender en ningún momento a esixencia artística, esta programación musical entende a importancia crucial do complemento da divulgación para o coñecemento, por ese motivo está colocado nun papel fundamental a oferta de visitas e actividades divulgativas cos centros formativos da cidade que nos permitan adentrarnos e coñecer a verdadeira dimensión do instrumento.

O Festival 8pés abrirá a súa programación coa participación do alumnado da Aula de órgano do Conservatorio Profesional de Música de Ourense, único conservatorio de Galicia que oferta esta disciplina. Entendemos así a necesidade de programar aos artistas emerxentes da nosa canteira ao mesmo nivel que os grandes, poñendo o foco neste traballo e apostar polo relevo e a transmisión. O programa escollido foi realizado en colaboración co profesor Ignacio Prieto e contará coa participación de Paula Díos, Álvaro Fernández, Hugo Pérez, Martín Rodríguez e Andrea Torrado; abrimos cos nosos.

Na segunda xornada contaremos coa presenza de Alize Mendizabal, organista da Basílica de Santa María (San Sebastián), quen ofrecerá un programa baseado íntegramente na evolución da forma do coral através da obra de distintos compositores, territorios e estilos, unha viaxe que comeza na Alemaña luterana para chegar á tradición organística francesa.

O venres contaremos co artista Juan de la Rubia, organista da Sagrada Familia (Barcelona), quen ofrecerá unha interesantísima revisión do filme *Fausto* de F. W. Murnau, interpretando a banda sonora en directo nun fantástico exercicio de improvisación executado dende o Órgano. Unha proposta que conecta a importancia da improvisación na tradición organística coas demandas do cinema nos seus primeiros anos.

Por último, pecharemos o festival con Daniel Oyarzabal, organista principal da Orquesta Nacional de España, quen ofrecerá un concerto no que se mostrará o instrumento a solo e acompañado, interpretando a *Sinfonía n.º 1, op. 42* de A. Guilmant, xunto coa Orquesta Clásica de Vigo, que participará nun moi especial concerto de clausura.

Rematamos como empezamos, esperando que esta edición non sexa a última e traballando para que coñezamos o tesouro que temos. Hoxe Vigo só ten un órgano porque os outros dous están perdidos, non deixemos que este corra a mesma sorte. Os instrumentos viven sonando e esa tarefa compétenos a todos e a todas.

No 8pés imos facer soar o órgano de Vigo: Imos celebrar que temos un.

MANUEL MARTÍNEZ TORRES  
Director do Festival 8pés



OP  
ÉS

PROGRAMA

## CONCERTOS

Concatedral de Sta. M.<sup>a</sup> de Vigo | 21.00h | Entrada de balde previa inscrición

- ▶ Mércores, 23 de novembro  
**FRANCK + TORRES, AULA DE ÓRGANO DO CONSERVATORIO DE OURENSE**
- ▶ Xoves, 24 de novembro  
**ALIZE MENDIZABAL**
- ▶ Venres, 25 de novembro  
**FAUSTO, JUAN DE LA RUBIA**
- ▶ Sábado, 26 de novembro  
**DANIEL OYARZABAL + ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO**

## VISITAS GUIADAS

- ▶ ÓRGANO ALBERDI DA CONCATEDRAL  
23, 24 e 25 de novembro | 17.00 e 17.30h  
15 persoas por pase | De balde previa inscrición
- ▶ ÓRGANOS DE TUI E VIGO  
26 de novembro | 10.00h | 30 prazas  
15 euros (inclúe transporte)  
Un percorrido comparado entre a tipoloxía barroca e romántica con Daniel Sanmartín Nieto.

RESERVA DE ENTRADAS: [www.enterticket.es](http://www.enterticket.es)

23.11.2022 | 21:00 | CONCATEDRAL DE STA. M.<sup>a</sup> DE VIGO

## FRANCK + TORRES, AULA DO ÓRGANO DO CMUS OURENSE

Neste concerto queremos facer unha homenaxe a dúas grandes figuras da historia do noso instrumento: os compositores e organistas César Franck e Eduardo Torres, no segundo centenario e 150 aniversario dos seus nacementos, respectivamente.

A figura de César Franck (1822-1890), xunto co organeiro Aristide Cavallé-Coll (1811-1899) supuxeron a reinvención do órgano en Francia durante o século XIX, concebíndoo como un instrumento de carácter sinfónico e con prestacións técnicas pioneiras. Esta transformación supuxo unha nova estética e estilo no repertorio, sendo César Franck o máximo expoñente da literatura romántica organística.

A obra de Eduardo Torres (1872-1934) está enmarcada no contexto do *Motu proprio* de Pío X. As súas obras, de pequeno formato, caracterízanse por unha influencia da escola francesa da época, engadindo un toque de sinxeleza e frescura.

Xunto a estes compositores escoitaremos, ademais, a *Apparition de l'église éternelle* de Olivier Messiaen (1908-1922), dando apertura a este concerto cunha peza de carácter impresionista; o *Passamezzo antico* evocará aos orixes dos instrumentos de tecla da época (órgano e clave); por último, a *Pastorela* de Miguel Manzano (1934) supón unha mestura do sacro e o profano, xa que está fundamentada sobre a *Loa á Virxe do Rosario*, recollida no Cancionero de Folklore Musical Zamorano.

IGNACIO PRIETO

## PROGRAMA

- Olivier Messiaen (1908-1992)  
*Apparition de l'église éternelle*  
int. Hugo Pérez Arjiz (4.º Grao Profesional)
- Anónimo (S. XV)  
*Passamezzo antico*  
int. Martín Rodríguez González (1.º Grao Profesional)
- César Franck (1822-1890)  
*Preludio, fuga e variación*  
int. Paula Dios Do Campo (6.º Grao Profesional)
- Eduardo Torres (1872-1934)  
*Gradual*, int. Ignacio Prieto Bermejo  
*Elevación en sol maior*, int. Álvaro Fernández Fidalgo (1.º Grao Profesional)
- Miguel Manzano Alonso (1934)  
*Pastorela en modo mixto*  
int. Ignacio Prieto Bermejo
- César Franck (1822-1890)  
*Saída en re maior*  
int. Andrea Torrado García (1.º Grao Profesional)

## COLABORA

Aula de Órgano do Conservatorio Profesional de Ourense

## ALIZE MENDIZABAL

A declarada afección á música por parte de Martín Lutero é quizá un dos sucesos máis afortunados da historia da música occidental. Grazas a ela a igrexa reformada situou no centro da súa renovada liturxia os corais: un gran corpus de melodías sinxelas e de fácil aprendizaxe para o pobo. Algunhas delas foron compostas ex novo durante o século XVI —mesmo de man do propio Lutero—, pero a maioría foron tomadas de vellos cantos, e en particular dos latinos do gregoriano aos que substituían.

Para os músicos de igrexa alemáns, e particularmente para os organistas, improvisar e compoñer arranxos sobre esas melodías era algo que formaba parte do seu traballo diario, un traballo no que nomes como J. S. Bach, D. Buxtehude ou J. Pachelbel foron referentes indiscutibles. Pero esta maneira de compoñer que xurdiu nos albores do barroco alemán foi estendendo aos poucos o seu horizonte xeográfico e temporal e deste xeito podemos atopar exemplos de corais para órgano ao longo de case toda a xeografía europea e ao longo do case catro séculos que nos separan desde os tempos daquel primeiro barroco.

O programa que seguidamente se presenta é unha pequena mostra de todo iso.

ALIZE MENDIZABAL

## PROGRAMA

- Johannes Brahms (1833-1897)  
*Herzlich tut mich erfreuen*  
*Herzlich tut mich verlangen*
- César Franck (1822-1890)  
*Coral n.º 1 en mi maior*
- Louis Vierne (1870-1937)  
«Méditation» de *Tres improvisacións*
- Maurice Duruflé (1902-1986)  
«Preludio» da *Suite, op. 5*
- Johann Sebastian Bach (1685-1750)  
*O Mensch, bewein dein Sünde groß, BWV 622*
- Charles Tournemire (1870-1939)  
«Coral» sobre *Victimae Paschali*

## CONSULTA AS NOTAS AO PROGRAMA



## FAUSTO, JUAN DE LA RUBIA

### UN MITO UNIVERSAL

Fai máis dunha década, en 2011, Juan de la Rubia levou por primeira vez á práctica unha idea que empezara a xestar uns anos antes: acompañar improvisando ao órgano a película *Fausto* de F. W. Murnau. Desde entón, o seu traballo musical ao redor desta obra mestra do cinema mudo foi ido medrando e evolucionando ao mesmo tempo que se abría un oco no repertorio habitual deste intérprete. Posteriormente, improvisou sobre películas en órganos moi diferentes, desde os de Cadaqués (Xirona), Balmaseda (Bizkaia), Zumaia (Gipuzkoa), Vall de Uxó (Castelló), Vitoria e Pola de Siero (Asturias), ata os imponentes instrumentos da Maison de Radio France (París), a Catedral de Pamplona, a Basílica de Santa María de Mahón, os Venerables en Sevilla, a basílica de Saint Sernin de Toulouse e o Palau da Música Catalá de Barcelona, entre outros. O resultado sempre é diferente, e depende a partes iguais do instrumento escollido, do espazo no que se sitúa e, está claro, da inspiración do momento.

Aínda que a improvisación foi sempre unha parte intrínseca da actividade dos organistas, o cinema mudo, xa no século XX, abriu unha porta a unha nova modalidade que se engadía ás habituais, que tiñan lugar no marco da liturxia ou ben no dun concerto. Máis aló do exercicio musical, hai un exercicio intelectual tras este tipo de improvisación, que fai recomendable —case o esixe— incluír referencias culturais en grao sumo diverso. Así, entre os aspectos para valorar e gozar atópase a habilidade do músico para incluír referencias a melodías doutros compositores, de usar *leitmotivs*

(melodías que soan cada vez que aparece en escena un determinado personaxe, obxecto ou concepto) e mesmo a capacidade de usar o humor e a ironía para interactuar coas imaxes.

O mito de Fausto, o home que vende a súa alma ao diaño a cambio da sabedoría infinita e os praceres mundanos, está moi presente na literatura, a pintura e tamén o cinema. A súa historia, procedente dunha lenda xermánica, abre a porta a un abanico impresionante de emocións que moitos artistas quixeron plasmar: a fe, o medo, o sacro, o diabólico, a mocidade, a vellez, e un longo etcétera. Goethe, Mann, Marlowe, Wagner, Berlioz, Gounod, Boito, Schumann, Liszt e Mahler son só algúns dos creadores que se viron seducidos polos encantos dun personaxe e unha narración que acabaron sendo universais.

JUAN DE LA RUBIA e PEP GORGORI

### PROGRAMA

— *Fausto*, de F. W. Murnau  
Juan de la Rubia, órgano

Película de cinema mudo con improvisacións ao órgano

26.11.2022 | 21:00 | CONCATEDRAL DE STA. M.<sup>a</sup> DE VIGO

## DANIEL OYARZABAL + ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO

O festival remata o sábado 26 cun programa que contará coa presenza de Daniel Oyarzabal, quen será acompañado pola Orquesta Clásica de Vigo.

Este concerto dará comezo con dúas pezas básicas no repertorio de órgano, compostas por J. S. Bach como son a *Toccatá, adagio e fuga en do maior, BWV 564* ou *Nun freut euch, liebe Christen, gemein, BWV 734*. No centro deste programa interpretaranse dous arranxos realizados por Daniel Oyarzabal sobre o *Entroido dos animais* de C. Saint-Saëns e *Cadros dunha exposición* de M. Músorgski, dúas obras fundamentais do repertorio sinfónico que serán exploradas dende a rexistración e sonoridades propias do órgano.

Este concerto de clausura rematará coa *Sinfonía n.º 1, op. 42* para órgano e orquestra de A. Guilmant, que será interpretada en colaboración coa Orquesta Clásica de Vigo, entidade que apadriña este festival.

## PROGRAMA

- Johann Sebastian Bach (1685-1750)  
*Toccatá, adagio e fuga en do maior, BWV 564*  
*Nun freut euch, liebe Christen, gemein, BWV 734*
- Camille Saint-Saëns (1835-1921)  
*O entroido dos animais* (arr. D. Oyarzabal)  
«Aquarium»  
«Finale»
- Modest Músorgski (1839-1881)  
*«Cadros dunha exposición* (arr. D. Oyarzabal)  
«A cabana sobre patas de galiña»  
«A gran porta de Kiev»
- Alexander Guilmant (1837-1911)  
*Sinfonía n.º 1 para órgano e orquestra en re menor*  
«Introduction et Allegro»  
«Pastorale»  
«Final. Allegro assai»

## VISITA GUIADA AOS ÓRGANOS DE TUI E VIGO

Un percorrido comparado entre a tipoloxía barroca e romántica con Daniel Sanmartín Nieto.

Sábado 26 | 10.00h | 30 prazas | 15 euros (inclúe transporte)



## A AULA DE ÓRGANO

A especialidade de órgano implantouse no Conservatorio Profesional de Música de Ourense no ano 2004, sendo o único centro en toda a Comunidade de Galicia que, ata a actualidade, imparte dita especialidade. Desde a súa implantación ata 2021 o labor docente foi exercido pola profesora Soledad Mendive Zabaldica, quen ademais coordinou numerosas actividades culturais e pedagóxicas ao redor deste instrumento na Comunidade de Galicia e, especialmente, na provincia de Ourense.

Desde 2021 o profesor Ignacio Prieto Bermejo continúa o labor docente, contando no presente curso con oito alumnos matriculados, todos eles cunha ampla formación musical previa ou compaxinando con outras especialidades instrumentais.

## ALIZE MENDIZABAL

Nada en San Sebastián, comeza os seus estudos de piano e clavicémbalo no Conservatorio Superior de Música da súa cidade natal. Posteriormente, ingresa no Conservatoire Nationale de Région de Bayonne (Francia) onde inicia os seus estudos de órgano coa profesora Bernadette Carreau. No devandito conservatorio, finaliza os seus estudos co profesor Esteban Landart obtendo a Medalla de Ouro e o Primeiro Premio de Perfeccionamento.

Bolseira pola Deputación Foral de Gipuzkoa ingresa no Centro de Estudos Superiores de Música

e Danza de Toulouse (C.E.S.M.D) para cursar estudos de perfeccionamento de órgano cos profesores Michel Bouvard, Jan Willem Jansen, Louis Robillard e Stéphane Bois, e de clave e piano forte con Yasuko Bouvard, estudos que finaliza obtendo o Primeiro Premio (Mention Très Ben à l'Unanimité du Jury, Ademais recibiu clases maxistras de profesores da talla de Jean Boyer, Daniel Roth, Ullrich Spang-Hansen, Joris Verdin ou Szigmund Szathmáry entre moitos outros.

Como solista de órgano ofreceu ao longo de Europa, Asia e América ofrecendo programas que van desde o barroco ao século XX, tomando parte en festivais como o Ciclo Internacional de Órgano do Suntory Hall de Tokio, o Musica nave Mosteiro de São Paulo, Festival International Toulouse lles Orgues de Toulouse Ciclo Antichi Organi Varese en Italia, Quincena Musical Donostiarra, Ciclo da Universidade Complutense de Madrid (Auditorio Nacional), Festival de Órgano "Orgue à St Jean de Luz", Ciclo Internacional de Órgano Romántico do País Vasco, Ciclo de Concertos de Órgano da Deputación Foral de Bizkaia, Ciclo Internacional de Órgano Barroco de Ataun, Ciclo da Fundación Abengoa, Ciclo Urteaga, Musikaste, Ciclo Internacional de Órgano de Murcia, Ciclo de Advento Arciprestal de Vila-Real, Música na Catedral de Cuenca...

Como organista de agrupación, é compoñente do grupo de

música barroca Conductus Ensemble desde o ano 2002 xunto a quen no ano 2017 protagonizou o Concerto Inaugural do Festival Internacional Toulouse lles Orgues, concerto de presentación do Gran Órgano Cavallé-Coll de Saint Sernin tras o seu restaruración interpretando o Réquiem de Duruflé, é organista titular da Coral Andra Mari de Rentería

e ademais acompañou a outros moitos outros coros como o Coro Easo ou o Orfeón Donostiarra. Desde o curso 2002/2003 é profesora no Conservatorio Superior de Música do País Vasco, Musikene, de Música de Cámara para Organistas, repertorista de Clave e Piano Complementario. Foi tamén profesora de órgano no CNR de Bayona (Francia).

Actualmente cursando estudos de Música Medieval no CIMM Valldigna da man de Cristina Alís Raurich.

O ano 2009 foi nomeada organista titular do gran órgano Cavallé-Coll (1863) da Basílica de Santa María de San Sebastián.

## JUAN DE LA RUBIA

Juan de la Rubia, Organista Titular da Basílica da Sagrada Familia, é natural da Vall d'Uixó (Castelló), onde iniciou os seus estudos da man do seu pai e Ricardo Pitarch. A súa formación, realizada en varias capitais europeas, contou coa mestría de Óscar Candendo, Wolfgang Seifen, Michel Bouvard e Montserrat Torrent, ademais de Olivier Latry e Ton Koopman. Du-

rante os seus inicios recibiu ata cinco Premios Extraordinarios en diversas especialidades ademais do Primeiro Premio do Concurso Permanente de Mocidades Musicais de España (2002) e o Premio O Primeiro Palau (2004), galardóns que contribuíron a impulsar notablemente a súa carreira.

A súa actividade incesante como solista, director, acompañante e continuista levoulle a pisar os principais escenarios dunha trintena de países en todo o mundo entre os que destacan o Auditorio Nacional de Música de Madrid, Konzerthaus de Berlín, Gewandhaus de Leipzig, Elbphilharmonie de Hamburgo, as catedrais de Colonia, Westminster, Bogotá, Ciudad de México e Tunes, Saint-Sulpice de Paris, ou o teatro Mariinsky e a Philharmonia de San Petersburgo, entre outros.

De la Rubia actuou como solista con orquestras como a Freiburger Barockorchester, Kammerorchester Carl Philipp Emmanuel Bach, Orquestra Nacional de España, Orquestra Sinfónica de Barcelona i Nacional de Catalunya, Orquestra Barroca de Tenerife, Orquestra Sinfónica do Principado de Asturias, Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra da Comunidad de Madrid, Orquestra da Comunidade Valenciana, Orquestra Ciudad de Granada, ou a Orquestra de Cordas de Bogotá.

Así mesmo, traballou con directores como Andrew Grams, François-Xavier Roth, Carlos Mena, Simon Halsey, Salvador

Mais, Kazushi Ono, Víctor Pablo Pérez ou Simon Rattle. Colaborou, tamén, coas principais formacións corais do país e con solistas como Asier Polo, Mireia Farrés, Raquel Lojendio, Marta Mathéu, Carolyn Sampson ou Philippe Jaroussky, con quen gravou o CD «Sacred Cantatas» (Erato, 2016), nomeado a un Premio Grammy en 2018.

Na última década, de la Rubia tamén se especializou na improvisación sobre películas de cinema mudo entre as que destacan Faust e Nosferatu de Murnau ou Metropolis de Lang.

#### DANIEL OYARZABAL

Daniel Oyarzabal conta cunha xa longa traxectoria internacional que desde hai anos cultiva cunha intensa actividade de concertos en prestixiosos festivais de máis de 25 países de Europa, Asia, África e América. Cunha versátil perspectiva da música Daniel Oyarzabal mantén na actualidade unha actividade profesional totalmente multidisciplinar e que abarca unha impresionante gama de intereses artísticos e educativos.

Como solista de clave e de órgano, o seu instrumento principal, actuou en concertos en importantes escenarios como o Teatro Mariinski de San Petersburgo, o teatro de ópera Düsseldorf Opernhaus, o Estonia Concert Hall de Tallin, o Auditorium de Lyon, o Palau de Lles Arts Reina Sofía e Palau da Música de Valencia, o Gran Teatre do Liceu de Barcelona, o Teatro

Real e Auditorio Nacional de Música de Madrid, a Stiftbasilika de St. Florian en Austria e as catedrais de Moscova, Ámsterdam, Róterdam, Florencia, León e Sevilla, por citar algunhas. Graduado Cum Laude en clave e órgano no Conservatorio de Vitoria-Gasteiz, a súa cidade natal, e formado cos mellores mestres europeos en varios posgraos en órgano, clave e instrumentos históricos nos conservatorios superiores de Viena, La Haya e Ámsterdam.

Oyarzabal ten no seu poder recoñecidos galardóns entre os que destacan o Premio Especial da Prensa na Mostra Nacional para Novos Intérpretes en Eivissa (1991), Primeiro Premio no Concurso Internacional de Música de Roma (1998) e Terceiro Premio no XIX Concurso Internacional de Nijmegen, Holanda (2002). Actualmente é organista principal da Orquestra Nacional de España e profesor do Grao en Composición de Músicas Contemporáneas da Escola Universitaria de Artes e Espectáculos TAI-Universidade Rey Juan Carlos de Madrid

## PRÓXIMO CONCERTO ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO

\*

29.12.2022 | 20.30h | TEATRO AFUNDACIÓN (VIGO)

## CONCERTO EXTRAORDINARIO DE NADAL

O PAXARO DE FOGO (SUITE), DE Í. STRAVINSKI

\*

ENTRADAS EN  
ATAQUILLA.COM

**a clásica**